


# Friedrich Nietzsche

Historia da Filosofia: 2º de Bach


# Friedrich Nietzsche

- **Introducción**
  - Vida e obras
  - Contexto filosófico
- **Crítica á cultura occidental: O Nihilismo.**
- **Conceptos clave:**
  - Vontade de poder
  - Eterno retorno
  - O Superhome




# Friedrich Nietzsche

- Friedrich Wilhelm Nietzsche naceu o 15 de outubro de 1844 en Röcken, nunha **familia luterana moi austera de tradición pietista**.
- En 1858 ingresa no internado de Pforta, no que se observaba un réxime estrito e tradicional, onde permanecerá ata 1864.
- Nietzsche comezará a destacar pola súa capacidade intelectual ademais de frecuentes problemas físicos, en especial de vista, que lle provocaban fortes dores de cabeza.




# Friedrich Nietzsche

- Nesta época desenvólvese a súa **admiración polo xenio grego**, lendo sobre todo a Platón e Esquilo, así como **pola música** e a poesía de Hölderlin, realizando entón os seus primeiros ensaios como poeta e músico.
- En 1864 ingresa na universidade de Bonn continuando en Leipzig os **estudos filolóxicos** baixo a dirección de **Friedrich Rischl**, chegando a ser o seu discípulo predilecto.




# Friedrich Nietzsche

- Desta época data a súa admiración pola **música de Wagner** e o seu primeiro encontro co músico.
- Outros feitos claves foron:
  - A **lectura de Schopenhauer**
  - **Abandono definitivo do cristianismo**



Richard Wagner



Arthur Schopenhauer

# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

- Debido a súa excelencia nos traballos publicados na universidade e a aprobación do seu mentor, **lle foi outorgado o título de doutor, sen a tese e o exame tradicional.**
- En 1869 a **Universidade de Basilea ofrécelle a cátedra de Filoloxía**, ante dos informes favorábeis recibidos do seu mentor Rischl.



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras. Relación con Wagner.

## Wagner e Nietzsche


- Daquela Wagner e Nietzsche tiñan unha gran relación e, con frecuencia, o compositor invitaba ao mozo profesor universitario a súa mansión en Suiza.
- Wagner estaba enfrascado na súa idea da *Obra de arte total* e precisaba de escritores hábiles que lle puidesen dar propaganda.
- Nietzsche, acostumado a austeridade pietista, ficaba abraiado ao contemplar o luxo de Wagner.



Mansión de Wagner en Tribschen


# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

- En 1872 publica a obra ***O nacemento da traxedia no espírito da música***, unha profundamente marcada pola influencia de Wagner.
- A obra foi **moi mal recibida no mundo académico**.
- Nietzsche **fuxe do método científico, da análise técnica de textos gregos, das citas académicas e, no seu lugar, e vai propoñer unha interpretación dos textos clásicos máis aló do seu significado literal e técnico** afastándose do positivismo da súa época que dominaba as universidades.
- Ademais, debido a **influencia de Wagner** plasmada no libro, Nietzsche foi **tachado de propagandista** o cal era inaceptable.




# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

- A publicación da obra **diminiu tanto a súa reputación** como filólogo que **quedou sen alumnos** o cal, unido aos seus **problemas de saúde** que lle provocaban baixas frecuentes, obrigou a universidade a "**prexubilalo**" cunha modesta pensión coa que vivirá o resto da súa vida.
- É aquí onde morre o Nietzsche filólogo e **nace o filósofo.**



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

- Sen alumnos e coa súa carreira como filólogo arruinada **Nietzsche viaxará errante por Europa.**
- En verán buscará a montaña suiza e no inverno os países mediterráneos en busca dun clima que lle favorecese a súa saúde.
- Nesta vida “errante” **escribirá a meirande parte das súas obras.**




# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

- Debido aos seus problemas de vista e estomacais, os períodos “aptos” para dedicarse a escribir son poucos o que vai condenar ao chamado **estilo aforístico**.
- Os aforismos son frases curtas que intentan condensar unha boa cantidade de pensamento e que serven como máximas ou sentencias sobre algún tema:

*“Cando miras largo tempo no abismo, o abismo mira dentro de ti”*


*(Máis aló do ben e do mal, Nietzsche).*



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

## Últimos anos

- En 1889 a súa **saúde**, que xa lle dera motivos de preocupación nos anos "errantes", **empeora bruscamente**, comezando a manifestar **síntomas de desequilibrio mental**.
- Trasladado de Turín a Basilea é tratado na clínica desa cidade, e posteriormente na de Jena, dando mostras dunha lixeira recuperación.
- Non obstante o seu estado empeora de novo, instalándose en Naumburgo coa súa nai e, logo da morte desta, en 1897, coa súa irmá Elisabeth en Weimar. Pero xa non se recupera xamais.



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

- Morrerá en agosto de 1900, tras acadar unha considerábel fama e exercer un notábel influxo que se deixará sentir no desenvolvemento do pensamento contemporáneo.



Friedrich Nietzsche. Vida e obras.


# Introducción á obra de Nietzsche

# Friedrich Nietzsche. Vida e obras. Introducción a obra de Nietzsche.

- Nietzsche considera que a **filosofía tradicional**, na medida en que daba **prioridade ó racional**, é **incapaz de comprender as manifestacións vitais do home** (o amor, a paixón, o instinto, o desexo...)



**A filosofía tradicional é incapaz de coñecer a verdadeira realidade: a vida.**




# Friedrich Nietzsche. Vida e obras. Introducción a obra de Nietzsche.

- Nietzsche **será radical na súa defensa da vida** entendéndoa como **desorde, paixón, instinto**, etc., en **contra das concepcións éticas e relixiosas tradicionais** que son trabas antinaturais á natural explosión vital e instintiva do home.
- Apréciase aquí a influencia de Schopenhauer (vontade irracional = dionisiaco) a que tamén extrapolará a **música, sendo esta a arte dionisiaca por excelencia.**



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras. Introducción a obra de Nietzsche.

- Consecuentemente, tamén se **aparta do discurso lóxico-conceptual** clásico e así os **seus textos toman unha forma metafórica, con aforismos, frases breves, poesía...**
- Criticará a **linguaxe como falseadora da realidade ao ser incapaz de comprender o cambio e a contradición** que é a vida e buscando definicións inmutables de conceptos.




# Friedrich Nietzsche. Vida e obras. Introducción a obra de Nietzsche.

- En conclusión, Nietzsche critica ó longo da súa obra todo aquilo que se opón a súa maneira ou modo de entende-la vida.
- A súa **crítica** é:
  - **Ontolóxica** ( a verdadeira realidade é este mundo material en devir)
  - **Epistemolóxica** ( a razón é incapaz de entender o mundo contraditorio e cambiante)
  - **Ética** ao pretender destruír o valores antivida do cristianismo simbolizados en Deus polo que reclamará a necesidade de matar a Deus.
  - Á **relixión**.
  - Á **ciencia**.



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras. Introducción a obra de Nietzsche.

- Hai coincidencia en considerar a Nietzsche como a culminación da metafísica occidental, pero sería, contrariamente ó sistema hegeliano, unha culminación negativa, xa que nega toda a pretensión de verdade da tradición occidental posto que no seu dogmatismo racionalista era incapaz de aceptar, como fai Nietzsche, os aspectos contraditorios da vida e do mundo.



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

- A filosofía de Nietzsche pode dividirse en dúas partes:

1. **Filosofía destrutiva** (a filosofía a *martelazos*) na que somete a **crítica á cultura occidental e os seus valores**:

- Rexeitará a existencia doutros mundos distintos deste (ben sexa o platónico ou o cristián).
- Pretende destruír os valores morais da tradición xudeo-cristiá para liberar aos seres humanos dos atrancos á realización das manifestacións vitais dos seres humanos.



# Friedrich Nietzsche. Vida e obras.

## 2. Filosofía construtiva:


- Centrada nunha **nova interpretación da realidade**
- Pon en **valor á vida e a dimensión sensible humana.**
- A **manifestación artística** como modo de **comprensión da realidade**
- Conceptos clave: *superhome, vontade de poder, eterno retorno, etc.*



# Períodos do pensamento e obras

## Período Positivista ou ilustrado

- **Favorable á ciencia** e condena a metafísica, a arte, a relixión e a moral
- Comeza a **criticar os valores da cultura occidental** a través da demostración dunha **orixe psicolóxica e instintiva** oculta que actúan como **formas de escravitude** creadas polo seu humano e as que se somete. Xurde así o método do **desenmascaramento psicolóxico**.



## Así falou Zaratustra

A súa **obra máis importante** e orixinal. Presenta as súas ideas nun estilo similar ao dunha fábula (cun estilo **narrativo, metafórico e alegórico** para transmitir ensinanzas)



## Crítica da cultura occidental

Período **máis feroz da súa crítica** á metafísica, moral, relixión tradicionais. **O home debe ser destruído para que poida vir o superhome**, que é o ser que **coñece a morte de Deus**, a **vontade de poder** e o **eterno retorno**.  
Continúa co método do **desenmascaramento psicolóxico**.



## Período Romántico

- + Valoración positiva dos filósofos **presocráticos** (Heráclito)
- - Valoración negativa de **Sócrates e Platón**.
- Obra máis significativa é: "**O nacemento da traxedia no espírito da música**" (1875):

Contraposición entre o **apolíneo** e o **dionisiaco**


A **expresión artística como o único medio de penetrar na realidade**. Isto significa que para Nietzsche a ontoloxía "faise" na creación da obra de arte e "lese" na contemplación desa obra.



[https://www.youtube.com/watch?v=1Q\\_VQM2IFGk](https://www.youtube.com/watch?v=1Q_VQM2IFGk)

# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico.


- O *positivismo*
- O *idealismo*
  - O idealismo de Schopenhauer
- Filosofía contemporánea
  - O *vitalismo*
- Os presocráticos e os sofistas
- Richard Wagner
- O *evolucionismo*



# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. O idealismo. O positivismo.

## O positivismo

- Era a **corrente dominante no ámbito académico** e consecuencia da Ilustración + avances técnicos e científicos do XIX.
- Un dos seus **obxectivos era o coñecemento obxectivo baseado estritamente no método científico**.
- Isto, aplicado a filoloxía clásica, se traducía nunha lectura técnica e literal (sen engadir ningún tipo de pensamento / filosofía / interpretación persoal) dos textos clásicos co obxectivo de reconstruír o pasado “tal e como era”.




Auguste Comte (pai do positivismo)

# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. O idealismo.

## • O idealismo

- Era a **corrente dominante** no ámbito filosófico na primeira metade do XIX.
- Esta confianza na razón e a ciencia impulsadas pola Ilustración levarán no século XIX a filósofos como Hegel a **afirmar a absoluta primacía do espírito** (razón, mente, pensamento) **sobre a materia** (corpo, natureza, bioloxía).
- Esta idea fundaméntase no **prexuízo** de que o ser humano ocupa un lugar especial no mundo e que os resto dos seres son, pola súa falta de razón, inferiores a nós.
- Tamén aínda se considera que o ser humano non está do mesmo xeito na natureza xa que **grazas ao espírito, o ser humano é un ser libre do determinismo** (corrente filosófica que afirma que o universo está suxeito a unha serie de leis que determinan o seu funcionamento e eventos eliminando calquer tipo de liberdade por parte dos seres) **da natureza** ao que están sometidos o resto dos seres.



G.W.F. Hegel

# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. O idealismo. Arthur Schopenhauer.

## • O idealismo de Schopenhauer

- Está exposto principalmente na súa obra ***O mundo como vontade e representación*** (1819), e parte da idea de que a realidade ten unha dobre cara:
- **O mundo como representación**: O que vemos, tocamos e percibimos non é a realidade en si, senón unha **construción da nosa mente**. Seguindo a Immanuel Kant, Schopenhauer afirma que o suxeito impón formas (*espazo, tempo e causalidade*) sobre o que percibe, polo que o mundo fenoménico é só unha "aparencia" ou o "veo de Maia". **Nietzsche identifica a este mundo ordeado polo suxeito como o apolíneo e, a diferencia con Schopenhauer que o considera sen valor e aparente, Nietzsche sí lle da valor. Para Nietzsche os sentidos non minten, e polo tanto, o percibido tampouco.**
- **O mundo como vontade**: Por debaixo desa aparencia existe unha **esencia** única e cega que el chama *Vontade*. Esta non é unha vontade racional ou humana, senón **un impulso irracional de vivir e perpetuarse que move a toda a natureza**, dende as pedras ata os seres humanos. **Nietzsche identifica a vontade co núcleo do dionisiaco.**



# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. O idealismo. Arthur Schopenhauer.

- Puntos clave do seu pensamento:

- **Pesimismo metafísico:** Como a Vontade é un desexo incesante que nunca se satisfai completamente, a existencia é inherentemente sufrimento. **Nietzsche** propondrá aceptar o sufrimento como parte da vida e empregalo positivamente para a superación do individuo (vitalismo).
- **O corpo como ponte:** Schopenhauer sostén que o noso propio corpo é o único obxecto que coñecemos por fóra (como representación) e por dentro (como vontade), o que nos permite entender a esencia de todo o universo.
- **Vías de liberación:** Para escapar da tiranía da Vontade e do sufrimento, propón tres camiños:
  - **A arte (estética):** Contemplan a beleza (especialmente na música) permite unha paréntese momentánea do desexo.
  - **A compaixón (ética):** Recoñecer que todos somos expresións da mesma Vontade axuda a romper o egoísmo. Nietzsche será moi crítico con esta idea a que considerará propia da *moral das escravos* froito do seu resentimento cos poderosos.
  - **O ascetismo:** A negación total dos desexos e da vontade de vivir, inspirada en parte polas filosofías orientais. Nietzsche ao igual ca compaixón, considerará o ideal ascético un ideal decadente froito da moral dos escravos, que nega a vida.



Siddhartha Gautama  
(Buda)

# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. O idealismo. Arthur Schopenhauer.

## Representación

É o que percibimos ordeadamente a través das intuicións puras (espazo e tempo) e a causalidade, pero non a realidade en sí. É un mundo aparente, pouco valioso.

## Apolíneo

É o belo, ordeado, individual, racional, etc. É real, os sentidos non minten, polo que tampouco o percibido/ordeado a través da experiencia que é 100% valioso.



## Vontade

É a esencia real do mundo, caótica, irracional que provoca sofrimento (pesimismo). Para **superar ese sufrimento e negar a vontade** hai 3 vías :

- Arte
- Compañón
- Ascetismo



## Dionisiaco

É o caos, a embriaguez, o desorde, irracional, contradicción. Non hai que negar ese sufrimento, nin o caos, nin a desorde, etc.xa que forman parte da vida. Dicir sí ao dionisiaco é dicir sí á vida.



“Dixestes algunha vez si a un só pracer? Oh, amigos meus, entón dixestes si tamén a todo dor”.


*Así falou Zaratustra (F. Nietzsche)*



# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. Filosofía contemporánea.

## A filosofía contemporánea


- As correntes filosóficas desta época destacarán os **aspectos que foran desvalorizados pola tradición filosófica occidental e polo positivismo**: a vida, o espírito, os valores, a liberdade, a historia, etc.
- Así xurdirán correntes que destacarán estes aspectos como o *vitalismo, historicismo, raciovitalismo, espiritualismo, neoidealismo, etc.*



Leopold von Ranke. Pai do historicismo


# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. Filosofía contemporánea.

- **Cambios con respecto ao pensamento anterior:**
  - Comézase a considerar que **o comportamento humano non responde a un esquema lóxico-racional** tal e como se pensou desde os inicios da filosofía.
  - É necesario **reflexionar sobre a desvalorización tradicional da dimensión sensible do ser humano en favor da razón.**
  - Tamén se reacciona **contra o reduccionismo positivista e a súa idea de que só podemos estudar o cuantificable e que só a ciencia experimental nos achega á verdade.** Aspectos como a vida, paixóns, historia, valores...imposibles de explicar desde a cuantificación experimental.



# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. Filosofía contemporánea. O vitalismo.

- Nietzsche encádrase na corrente filosófica do **vitalismo** pola **tensión fundamental que establece entre o racional e o vital**:
  - O racional representa a orde, a medida, a prudencia (o apolíneo)
  - Vital: Desorde, a paixón, o instinto, o desenfreo (dionisiaco) que representa a vida.



A filosofía de Nietzsche é unha **oposición ó positivismo ao idealismo** e en xeral a **toda a filosofía occidental** pola desvalorización da vida e da dimensión sensible do ser humano.


# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. Presocráticos e sofistas.

- Nietzsche considera que na historia da filosofía, xa desde Sócrates e Platón dáse:
  - Valoración positiva do racional
  - Valoración negativa do **sensible e material**, que sería: **fonte de erro (Platón) e de pecado (cristianismo)**.




# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. Presocráticos e sofistas.

- Esta crítica a Sócrates é a Platón levará a Nietzsche a buscar alternativas:
- Os **presocráticos** (Heráclito sobre todo)
- Os **sofistas** aos que definía como *homes fortes*:
  - ❑ Aceptaban a verdade é unha construción humana.
  - ❑ A linguaxe é unha ferramenta de poder, non un espello da realidade.



Protágoras de Abdera



Heráclito 540-480 a.C.

A filosofía de Nietzsche é unha **oposición ó positivismo ao idealismo** e en xeral a **toda a filosofía occidental** pola desvalorización da vida e da dimensión sensible do ser humano.

# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. Richard Wagner.


## O pensamento de Richard Wagner:

- É o creador do *Drama musical*. Wagner considera que Beethoven “descubriu” o camiño ao drama musical na 9ª sinfonía (coa incorporación do coro) pero cometeu o erro de quedarse na sinfonía e non dar o paso seguinte.
- A traxedia grega
  - Wagner intenta **recobrar a esencia da traxedia grega** a cal resultaba da fusión de todas as artes. Inspirada en esta intentará crear a *obra de arte total*.
  - No seu ensaio *Ópera e Drama* consideraba que tal **esencia se perdera pola racionalización das artes**.
  - Ademais, considera que a **sociedade moderna está corrupta** e consecuencia diso é a ópera grandilocuente, vacía e superficial.



RICHARD WAGNER


ÓPERA Y DRAMA



# Friedrich Nietzsche. Contexto Filosófico. O idealismo. O evolucionismo

## O evolucionismo

- No século XIX o impulso dado á teoría da evolución por Darwin e outros evolucionistas van a influír na aparición dunha **nova interpretación antropolóxica que sitúa ao ser humano mais cerca do mundo natural e animal resaltando a dimensión sensible fronte á racional.**
- O evolucionismo supón a aparición dun novo marco ou paradigma científico que vai influír nas reflexións sobre o ser humano, sobre Deus, na psicoloxía...






**Crítica a cultura occidental: O *Nihilismo***

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura ocidental: O Nihilismo

- Nietzsche vai someter a **crítica** a **cultura ocidental** e os seus **valores morais**.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo

## Por que?

- Porque considera que **a cultura occidental está viciada** desde a sua origem, é uma cultura **racional e dogmática**, e por isso é **decadente**, posto que **se opõe à vida**, aos instintos, empenhada em instaurar a racionalidade a toda costa.
- Este é o dogmatismo de ocidente: filosofia, religião e moral dogmáticas.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo

- O **obxectivo da súa crítica** será polo tanto a **filosofía dogmática**, entendida por tal o ***platonismo***.
- No fondo, **o cristianismo e a moral tradicional teñen a súa base na filosofía platónica**, coa afirmación dun mundo de esencias fixas, inmutables.
- Por un lado, **o mundo das ideas servirá como máis alá relixioso** para os cristiáns, de tal forma que o *platonismo* acabouse convertendo na **metafísica cristián**.

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura ocidental: O Nihilismo

**Sociedade ocidental  
decadente cultural e  
moralmente  
(s.XIX)**

ORIXE →



→ CAUSA



**CRÍTICA**

Para Nietzsche esta é a  
base da moral e a  
cultura tradicional



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. Críticas.

- A crítica á filosofia é:
  - **Ontolóxica**
  - **Epistemolóxica**



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental. Crítica ontolóxica.

Segundo a filosofía tradicional, a ontoloxía (estudo do *Ser* entendido como realidade)....

**Mundo sensible = Mundo irreal** ❌

Cambio constante (devir)



Irracional, caótico, contradictorio

Perceptible polos sentidos → coñecemento só aparente

Pouco valioso

**Mundo suprasensible = Mundo real** ✅

(eterno, estático racional, ordeado, perceptible pola razón, coñecemento verdadeiro, aquí residen as cousas verdadeiramente valiosas)



Para Nietzsche **non existe un mundo aparte, inmutable, senón que o verdadeiramente real é o devir constante deste mundo.**

Tanto o **platonismo como o kantismo intentan racionalizar o imposible de racionalizar**, o ser como devir e así invéntanse ficcións lóxicas, modelos de coñecemento que nos fagan sentir seguros ante o que en si é un caos, créanse modelos de quen depender: Deus no cristianismo, razón no racionalismo, leis e teorías na ciencia...

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. Crítica ontolóxica.

- A metafísica tradicional **aséntase sobre o erro** que consiste en crer que **as cousas de valor, as cousas supremas, teñen unha orixe e existencia distintas a este mundo, existindo ou orixinándose noutro mundo ao mesmo tempo que se desvalorizan as cousas sensibles.**

“Crese que **as cousas de valor supremo deben ter unha orixe propia, non poden derivarse deste mundo perecedeiro, sedutor, enganador, insignificante... deben ter o seu fundamento no seo do ser, no inmutable, en Deus, na ‘cousa en si’...**” [...] “Este modo de xulgar constitúe o prexuízo típico polo cal se recoñecen os metafísicos de todos os tempos; esta especie de valoración está na base de todos os seus procedementos lóxicos; a partir deste ‘crer’, buscan o seu ‘saber’...”

*O crepúsculo dos ídolos*, Friedrich Nietzsche.

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. Crítica ontolóxica.



## Mundo sensible

Percibido polos sentidos  
En constante cambio

**! PROBLEMAS:**  
Coñecemento aparente  
O devir provoca a imposibilidade de obter verdades universais

**FILÓSOFOS**  
¿Cómo podemos coñecer a verdade?



## ✓ SOLUCIÓN:

Nos inventamos outros mundos estáticos e eternos e así poderemos obter verdades universais

**CONCLUSIÓN**  
O mundo sensible é irreal, aparente e de pouco valor

**CONCLUSIÓN**  
Mundos reais  
Son valiosos

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental. Crítica ontolóxica.

Nietzsche se opón a tal división e defende que:

- a) Un *ser* (realidade) así (estático e eterno) é todo o contrario do que vemos por medio dos sentidos, do verdadeiramente real → O mundo sensible é o único verdadeiro.
- b) Esta **distinción** (mundo real - irreal) é un xuízo valorativo e ademais negativo sobre a vida a cal é desprezada tal e como é.

Poño ao carón, con gran reverencia, o nome de Heráclito. Mentres que o resto do pobo dos filósofos rexeitaba o testemuño dos sentidos porque estes mostraban multiplicidade e movemento, el rexeitou o seu testemuño porque mostraban as cousas coma se mostrasen duración e unidade. **Tamén Heráclito foi inxusto cos sentidos. Estes non minten nin do modo como cren os eleatas nin do modo como cría el, -no minten de ningunha maneira.** O que nós facemos do seu testemuño, iso é o que induce a mentira, por exemplo, a mentira da unidade, a mentira da coseidade, da substancia, da duración... A «razón» é a causa de que nós falseemos os sentidos. Mostrando o devir, o perecer, o cambio, os sentidos non minten... Pero Heráclito terá eternamente razón ao dicir que o ser é unha ficción baleira. O mundo «aparente» é o único: o mundo «verdadeiro» non é máis que un engadido mentireiro...


*O crepúsculo dos ídolos*, Friedrich Nietzsche

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental. Crítica ontolóxica.

- A niveis mais profundos Nietzsche afirma que esta ontoloxía ten a súa **base en prexuízos dos filósofos contra a vida**, tales coma o horror a morte, a vellez, o cambio....
- O desprezo deste mundo provén da **necesidade que teñen os seres humanos de seguridade, fronte a un mundo no que todo é devir**. Toda a ontoloxía tradicional ten a súa orixe no medo.

"O medo á incerteza é o que empuxou á razón para inventar as súas categorías... **A vontade de verdade é, no fondo, unha vontade de seguridade fronte ao imprevisible**".

*A vontade de poder, Friedrich Nietzsche*



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental. Crítica ontolóxica.

A crítica ontolóxica de Nietzsche resúmese en:



- **Rexeitamento das interpretacións da realidade como algo inmutable, fixo, permanente...,etc.**
- **Loubanza da ontoloxía de Heráclito, que consideraba ó ser como un devir constante.**

Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental. Crítica epistemológica


**CRÍTICA EPISTEMOLÓGICA**

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental. Crítica epistemolóxica

- A **crítica epistemolóxica** é unha **consecuencia lóxica da anterior**.

## Mundo real (sensible)

En constante cambio (devir)  
Contraditorio  
Irrracional



Heráclito 540-480 a.C




## Razón

Busca obter leis universais e eternas  
Busca a creación de conceptos estáticos e universais




## CONCLUSIÓN

A razón e os conceptos non son axeitados para coñecer a realidade xa que non poden captar o devir



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico. Crítica epistemolóxica.

- O concepto non é máis que unha abstracción que serve para expresar unha pluralidade de casos particulares que, en realidade, nunca son iguais.
- Os conceptos **non captan o cambio constante**, fan da realidade algo fixo, estático.
- Pero, segundo Nietzsche, esquecemos iso, pois **o costume imponnos esas xeneralizacións e chegamos a crer que os conceptos representan a realidade**, é máis, cremos que son a verdadeira realidade.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: Crítica epistemológica.

A ciencia tampouco é axeitada para o estudo da realidade.

## Ciencia

Busca elaborar conceptos e leis eternas, inmutables e racionais



## Vida / Realidade

- En constante cambio (devir)
  - Caótica
  - Irracional
  - Contraditoria



O erro fundamental do discurso lóxico-racional e a razón é o considerarse o único verdadeiro, o único que nos leva á verdade.

Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura  
occidental: Crítica epistemológica.

Entón, é incomprendible a  
realidade para o ser humano?



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: Crítica epistemolóxica.

- Nietzsche mantén que a **manifestación artística** é un recurso que xustifica e que **explica a existencia e o mundo, en tanto que inclúe os dous elementos en loita na natureza humana: o apolíneo e o dionisiaco**.

**A arte sería un recurso que nos permite comprender mellor os aspectos contraditorios da vida.** (Pensade cando estamos tristes como nos podemos identificar cunha canción, cunha película, poesía ou teatro. Quen explica mellor a miña sensación a ciencia ou a arte?)

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: Crítica epistemológica.

## Realidade humana

### Apolíneo

- Orde
- Razón & lóxica
- Beleza, forma
- Límite, medida



### Dionisiaco

- Caos
- Instinto, Paixóns
- Non formas fixas
- Non límites, exceso, embriaguez



Forzas opostas en loita.  
Conforman a realidade humana

Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: Crítica epistemológica.

Pode existir unha verdade universal e única?



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico. Crítica epistemolóxica.

- Non, **Nietzsche non acepta o criterio ou noción de verdade da tradición occidental.**
- A verdade non é a adecuación entre o concepto e a cousa, suxeito-objeto.  
Nietzsche sitúase nunha **actitude con respecto á realidade e a verdade:**
  - **Fenomenista:** Só se poden coñecer os fenómenos. O real se reduce ao fenoménico.
  - **Perspectivista:** (a realidade só pode ser coñecida e experimentada a través de puntos de vista individuais influenciados polas circunstancias persoais, históricas e culturais). Non existe a verdade obxectiva e, polo tanto, tampouco existen os conceptos universais.

Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.  
O método xenealóxico. Crítica epistemolóxica.

Quere isto dicir que a arbitrariedade e a  
subxectividade substitúen ó rigor dogmático da razón?:

- **Non**, xa que Nietzsche **propón un certo criterio que nos permita avaliar entre distintos xuízos e distintos discursos**, criterio alternativo ó da racionalidade lóxica:

**Un xuízo é válido se favorece á vida, se contribúe á conservación da especie.**



Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.  
O método xenealóxico. Crítica epistemolóxica.

- O que é favorable á vida identifícao cun sentimento de poder.
- A vida é vontade de poder. "Alí onde vin un ser vivo, encontrei vontade de poder".
- Existe o bo mais o bo e a virtude están neste mundo e non noutro, e están na satisfacción e non na represión.

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico. Crítica ontolóxica.

A crítica epistemolóxica de Nietzsche resúmese en:



- Os sentidos non minten, o coñecemento que proporcionan é verdadeiro.
- A crenza do discurso lóxico - racional con énfase na capacidade da razón para obter o coñecemento auténtico da realidade é errada.
- Nun mundo en constante cambio non poden existir verdades universais estáticas.
- Os conceptos son incapaces de captar o devir da realidade.
- A manifestación artística é un medio de explicación da natureza ao poseer as dúas forzas fundamentais da natureza humana: o *apolíneo* e o *dionisiaco*.
- É posible establecer un criterio de verdade e non caer nun escepticismo extremo: Un xuízo é válido se favorece a vida.

Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura ocidental: O Nihilismo. O método genealógico.

## **CRÍTICA AOS VALORES MORAIS**

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. Críticas.

- Unha vez ten clara a orixe da decadencia cultural de occidente vaise centrar nos **valores morais derivados de tal cultura decadente.**




# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo

Pero cales son os auténticos valores da cultura occidental?

- Nietzsche considera que para facer unha crítica destes valores primeiro hai que **desenmascaralos**.
- Nietzsche -sobre todo- na *Xenealoxía da moral* vai **investigar a orixe psicolóxica e histórica do que chamamos "bo" e "malo"**.

Nietzsche está convencido de que ideas como **"bo e malo" non son verdades eternas, senón construcións humanas**.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

Para “desenmascarar” os valores da cultura occidental vai recorrer ao chamado **método xenealóxico** (de xénese:orixe) ou de **desenmascaramento psicolóxico occidentais**.



O **obxectivo final** é **destruir** os valores tradicionais da cultura occidental para **proponer outros novos** → **Transmutación/ Transvaloración dos valores.**

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- O método *xenealóxico* lle serve para:
  - Coñecer a orixe e fundamento dos valores.
  - Coñecer o momento concreto no que o ser humano, en particular a cultura occidental, deixa de valorar un dos elementos da vida (o elemento *dionisiaco* -o instintivo e paixoal-) en favor do racional, ao tempo que se inventa outros mundos: mundos da orde e estáticos (elementos ou valores *apolíneos*).

**RESSENTIMENT**

Obras representativas ..... Genealogía de la moral  
Conceptos relacionados ..... moral del esclavo (p. 210)  
Nota ..... literalmente significa "resentimiento", "rencor". Nietzsche lo usa para caracterizar la psicología del débil que odia al fuerte

Nietzsche denomina **ressentiment** a la psicología de quien, dándose cuenta de su debilidad, se convence de que quien es fuerte es malvado. Por ejemplo, cuando un pobre declara que un rico es malo lo que dice en realidad es que se concibe moralmente superior a él.

**RESSENTIMENT**  
Cuando quien es débil se considera bueno y juzga malo a quien es fuerte, piensa que es moralmente superior a él.  
A causa de su naturaleza "débil" el cristianismo tuvo una enorme difusión

Es más fácil que un camello pase por el ojo de una aguja que un rico entre en el reino de los cielos

Soy una pobre víctima. Ahora sufro, pero cuando muera, podré ir al Paraíso. Está escrito en la Biblia.

**RESSENTIMIENTO** originado por el instinto del rebaño (p. 211)

El sentido de los valores se falsea: Los débiles son buenos y los fuertes malos

Nosotros los buenos podremos ir al Paraíso cuando muramos

Débil = bueno

Fuerte = malo

la moral cristiana es la moral del esclavo

El cristianismo se difunde porque llama "moral" a los valores falsificados del resentimiento de los débiles


Nietzsche

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- Na obra *O nacemento da traxedia no espírito da música* chega a conclusión de que esta deriva xa **comezou no mundo grego clásico**

“A traxedia grega morreu dun xeito distinto a todos os xéneros artísticos irmáns máis antigos: morreu por suicidio, como consecuencia dun conflito irresoluble“  
*O nacemento da traxedia no espírito da música*, F. Nietzsche

FRIEDRICH NIETZSCHE  
EL  
NACIMIENTO  
DE LA  
TRAGEDIA



GREDOS


# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- Os culpables son:

a) **Eurípides** na **traxedia clásica** (que era unha forma de aceptar os dous elementos da vida: o dionisiaco e o apolíneo). Para Nietzsche Eurípides **abandona na traxedia o elemento dionisiaco a favor do apolíneo** no chamado **socratismo estético** no que algo, para ser belo, ten que ser intelixible e -consecuentemente- **expulsa ao dionisiaco** (caos, misterio, instinto) en favor do *apolíneo* (orde, razón, coñecemento).

“«Todo ten que ser consciente para ser fermoso», como frase paralela á *socrática* «todo ten que ser consciente para ser bo»”.

*O nacemento da traxedia no espírito da música, F. Nietzsche*




# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

## b) Sócrates e Platón na filosofía.

Platón, em particular, condena o elemento sensible tanto na filosofía como na antropoloxía en favor do racional.

A base filosófica da moral occidental é o platonismo xa que o mundo das ideas serve de base para o máis alá relixioso... máis alá para xustificar ese mundo ficticio e soportar a traxedia de vivir. Esta moral xuxdeo-cristiá é un xuízo valorativo (negativo) contra a vida e está a provocar o *nihilismo* a decadencia de occidente.



"Mentres que en todos os homes produtivos o instinto é precisamente a forza afirmativa e creadora, e a conciencia pórtase dun modo crítico e monitorio: en Sócrates o instinto convértese en crítico, a conciencia en creadora".


*O nacemento da traxedia no espírito da música, F. Nietzsche*

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- Unha vez Nietzsche localiza o momento, se pregunta pola **causa** do desvío dos valores occidentais.
- Chega a conclusión de que a causa do **desprezo da vida é psicolóxica: o medo**.

“É o medo o que de novo é aquí o pai da moral moral”.

*Máis aló do ben e do mal*, Aforismo 201, Friedrich Nietzsche




Erich  
Fromm  
El  
miedo  
a la  
libertad

Paídos  
Biblioteca  
Erich  
Fromm

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.


- Pero, exactamente, medo a que?
- **Medo a aceptar esta vida con todo o que supón:** alegría, tristeza, bondade e maldade, amor e odio, virtude e vicio,...en síntese a incapacidade para aceptar a contradición e a inseguridade do cambio, a desorde da paixón, do amor e a **incapacidade de aceptar a dor e o sufrimento que conleva a propia vida.**



«O home busca "a verdade": un mundo que non se contradiga, non engane, non cambie, un mundo verdadeiro... É o instinto de medo o que nos obriga a crer en el»

*O crepúsculo dos ídolos, F. Nietzsche*

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.



Heraclito 540-480 a.C.

## Mundo real: Vida

(cambio constante, irracional, caótico, contradictorio, dor e sufrimento como partes consustanciais)

CONSECUENCIA →

Ese **cambio constante + Incapacidade de aceptar a dor e o sufrimento como parte da vida** xera **inseguridade, medo e desprezo á vida**

→ CREACIÓN

## Mundos / disciplinas ficticias

(eternas, inmutables, racionais, coherentes).

Ex: Mundo das ideas, o ceo, a ciencia.



## Creación de normas e valores morais contrarios á vida = antinaturais

Condena do cambio

Condena do sensible

Condena das paixóns, instintos, ambicións

Condena da creatividade, liberdade e individualidade

Fomento da sumisión e o sometemento a poderes superiores

Nietzsche critica á ciencia por intentar establecer leis inmutables e racionais a un mundo irracional e en constante cambio

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- Estas morais coas súas normas fan que **a vida do home xire en torno a un máis alá, á outra vida, con menosprezo desta.**
- Serán os **espíritus débiles os que precisan imaxinar outros mundos para soportar este mundo** en contraposición aos espíritos nobres, fortes aristocráticos creadores de valores superiores, valores que aman a vida e aceptan a dor.

División de mundos segundo San Agustín de Hipona na obra *A cidade de Deus*



**Ciudad de Dios**

- *Amor a Dios*
- *Comunidad mística formada por fieles*
- *Prefiguración de la Jerusalén celestial*
- *Ciudadanos de todas las razas y todas las lenguas*



**Ciudad terrena**

- *Amor a sí misma*
- *Sed de poder y de conquista*
- *Persecución de la riqueza material*
- *Veneración de ídolos y dioses falsos*

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- Nietzsche se segue remontando na cadea causal ata chegar a que el considera a causa última do medo á vida: o **medo á morte**.
- Os débiles teñen medo a morrer a mans dos fortes ou a resignarse a recompensa doutra vida na que o sufrimento desta se vexa recompensado

"[O ideal ascético ofrecía un sentido ao sufrimento...] este odio contra o humano, e máis aínda contra o animal [...] este horror aos sentidos [...] este medo á felicidade e á beleza, este anhelo de afastarse de toda aparencia, cambio, devir, morte, desexo, de todo anhelo mesmo... todo isto significa [...] unha vontade de nada!".

*Xenealoxía da moral*, Friedrich Nietzsche

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- Nietzsche distingue así dous tipos de moral:
  - A **moral dos señores**, que sería a moral cabaleiresca, propia dos espíritos elevados, aristócratas, dos que aman a vida, o poder, a grandeza, o pracer... esta será a moral propia do superhome, do que quere a morte de Deus.
  - A **moral dos escravos**, sería a moral que defende os valores contrarios á anterior, dor, humildade, compaixón, resignación, etc, é dicir, representa tódolos valores contrarios á vida. Esta moral nace co xudaísmo e segue co cristianismo.



John Stuart Mill. Figura clave no utilitarismo


"O home de tipo nobre sente que el mesmo é quen determina os valores, non ten necesidade de que ninguén lle outorgue aprobación... el é quen crea valores." [...] "A moral dos escravos é esencialmente unha **moral da utilidade**. Aquí é onde ten a súa orixe a xénese desa famosa antítese entre 'bo' e 'malvado': séntese ao poderoso como algo perigoso... como o 'malvado' mesmo."

# O utilitarismo

NON ENTRA NO EXAME

- O *utilitarismo* é unha corrente filosófica que **identifica o moralmente bo co «útil»**.
- O «útil» se entende como o **benestar / felicidade do maior número de persoas**.
- A **felicidade** se entende como **a obtención de pracer** (divididos en *superiores* - intelectuais, estéticos e relixiosos- e *inferiores* -os sensoriales) e a **ausencia de dor**.
- **Canto máis benestar / felicidade provoca unha acción → máis útil = máis moralmente correcta e viceversa**.
- É, polo tanto, unha ética **consecuencialista** (o valor moral dunha acción reside nas súas consecuencias, non na súa intención).

# O utilitarismo




**MORALMENTE  
CORRECTA?**




# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico. Crítica ao cristianismo.

- O **cristianismo inverteu todos os valores da antiga Grecia, que eran valores da vida**, inventándose un mundo celestial que leva consigo a desvalorización do mundo terreal.
- **Só fomenta os sentimentos de pobreza, humildade, que son sentimentos propios do rebaño** (da moral de escravos).
- **Introduce o concepto de pecado aniquilando os valores máis nobres da vida**, o pecado é un atentado contra a vida.
- **Deus** que representa estes valores contranaturais foi a grande **obxección contra á vida**, desta forma é necesario **negar a Deus e afirma a vida**.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- Nietzsche afirma que en **toda a historia da cultura occidental venceu a moral dos escravos**, que son maioría, fronte ós fortes.
- Esta moral **será superada polo *superhome***, que destruirá todos eses valores, xa que é un home libre de todo dogmatismo relixioso.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.

- En definitiva, Nietzsche critica a relixión como un sentimento de resignación que nega a vida, coa esperanza dun máis alá que non existe.
- Enténdese agora a necesidade de matar a Deus como símbolo desa moral *antivida* e de valores dogmáticos. Este dogmatismo da moral tamén aparece na ciencia, na pretensión positivista de converter a ciencia no único coñecemento válido. A ciencia sería o único discurso verdadeiro para coñecer a realidade.
- Nietzsche pode cualificarse de inmoral na medida en que critica e rexeita unha determinada moral, pero non é amoral, xa que propondrá unha nova forma de valorar: será valioso todo o que favoreza a vida en toda a súa riqueza instintiva.

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo. O método xenealóxico.

- **Nietzsche** pode cualificarse de inmoral na medida en que critica e rexeita unha determinada moral, pero **non é amoral**, xa que propondrá unha nova forma de valorar: será valioso todo o que favoreza a vida en toda a súa riqueza instintiva.

Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura  
occidental: O Nihilismo.


**O nihilismo**

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.

«O home tolo. -Non oístes dese home tolo que na claridade da mañá acendeu unha lanterna, correu ao mercado e comezou a berrar sen parar: “Busco a Deus! Busco a Deus!”».

-Como estaban alí reunidos moitos dos que non crían en Deus, provocou unha gargallada. Que, perdeuse? Decía un. Ou está escondido? Ten medo de nós?- así exclamaban e rían todos á vez. O home tolo saltou no medio deles e penetrounos coa súa mirada. **“Onde foi Deus?, exclamou, “diréivolo eu! Matámolo nós, vós e mais eu!** Todos nós somos os seus asasinosa! Pero como fixemos isto? Como fomos capaces de beber todo o mar? Quen nos deu a esponxa para borrar todo o horizonte? **Que fixemos ao desprender a terra do seu sol? Cara a onde se move agora? Cara a onde nos movemos nós? Lonxe de todos os soles? Non nos precipitamos permanente? E tamén cara atrás, cara a adiante, cara a todos os lados? Hai aínda un abaixo e un arriba? Non erramos como a través dunha nada infinita?»**

F.Nietzsche, *A Gaia Ciencia.*




# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.

- A **idea principal** do texto é a **caída do cristianismo como sistema de referencia da moral e a ética europea.**
- O **home tolo** representa a **consciencia desa perda de valores** que imperou en Europa por 2000 anos. A lanterna que porta é unha referencia ao filósofo cínico (corrente filosófica moi crítica coas convencións sociais e morais da súa época) **Diógenes de Sinope** o cal buscaba por Atenas a un “home honesto”.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.

- O *home tolo* anuncia a morte de Deus (caída do cristianismo como sistema de referencia ético e moral).. Para moitos, esa *morte de Deus* é unha **carga insoportable**, especialmente para aqueles que son **incapaces de crear as súas propias verdades e valores**.
- Estas persoas, atópanse a un mundo onde as antigas verdades non teñen fundamento, **deixándoos baleiros** (*nihil*) de calquera referencia significado na súa vida. Estas persoas son consideradas por Nietzsche como **nihilistas**.



# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.

- O nihilismo é a perda do sentido, o momento no que os valores tradicionais deixan de ter forza ou credibilidade, pero aínda non foron substituídos por outros novos. É unha crise profunda da cultura occidental.
- É importante pois, superar a *morte de Deus* para crear novos valores e evitar caer no nihilismo e a desesperación.



FRIEDRICH NIETZSCHE  
La Gaya Ciencia



LA GENEALOGÍA  
DE LA MORAL  
FRIEDRICH NIETZSCHE

# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.

- Nietzsche distingue entre:

- ***Nihilismo pasivo***:

- A **resignación** ante a perda de sentido. Se caracteriza polo **desencanto**, a **depresión**, o **pesimismo** (como en Schopenhauer).
- Tamén se ve no **cristianismo decadente**: nega a vida terreal esperando outra máis aló. Nietzsche é un **vitalista** (defende a vida por riba de todo).


- ***Nihilismo activo***:

- É a **destrución consciente** dos valores caducos. Nega os valores antigos non por desesperación, senón **para crear novos**.
- É o tipo de *nihilismo* que Nietzsche ve como **transitorio e necesario**: o que prepara o terreo para o superhome (\*Übermensch).

Friedrich Nietzsche  
Así habló  
Zaratustra



FRIEDRICH NIETZSCHE  
EL ANTICRISTO




# Friedrich Nietzsche. Crítica a cultura occidental: O Nihilismo.

## • Superación do *nihilismo*


Nietzsche non é un simple nihilista. El quere superalo a través de:

- A **transvaloración de todos os valores**: destruír os valores decadentes e crear novos que afirmen a vida.
- O **ideal do superhome** (\*Übermensch): o individuo que crea os seus propios valores.
- A **idea do eterno retorno**: vivir coma se a túa vida debese repetirse eternamente – unha proba de afirmación total da existencia.

Friedrich NIETZSCHE  
*El nacimiento de la tragedia*  
*o helenismo y pesimismo*  
Edición de José Rafael Hernández Arias



ECCE HOMO






# VONTADE DE PODER, ETERNO RETORNO E O SUPERHOME

# Friedrich Nietzsche. A vontade de poder

- É un concepto complexo e variable, aínda que todas as posibles interpretacións posúen un trazo común: **ímpetu ou impulso que vai sempre máis alá, que non se detén nunca.**
- Nietzsche afirma que o home, o mundo e a vida son vontade de poder.



# Friedrich Nietzsche. A vontade de poder

## Que é a vontade de poder? (1)

- Segundo Nietzsche o home -involuntariamente- atópase na vida sen vontade propia, pero pode e ten que **definirse ante a vida mediante un acto da súa vontade que afirme ou negue a vida.**
- Ante esta opción decídese a afirmar a **vontade de vivir con todos os sufrimentos e dores.**
- Non debe entenderse a vontade de poder como unha vontade pasiva, que se limita a obedecer, nin como unha vontade de verdade do home teórico que trata de reflectir e eternizar na súa razón o mundo, tampouco é simple vontade de vivir, pois a vida é só un caso especial de vontade de poder.

# Friedrich Nietzsche. A vontade de poder

## Que é a vontade de poder? (2)

- A vontade de poder é a **vontade de ser máis** (nobre e non vulgar), **de viver máis** (liberarse das cadeas que atenazan a vida), de **superarse**, de demostrar unha forza sempre crecente (**autoafirmarse**).



# Friedrich Nietzsche. A vontade de poder

## Que é a vontade de poder? (3)


- **Vontade de dominio** (proprio, non tiránico, non de sometemento dos demais).



# Friedrich Nietzsche. A vontade de poder

## Que é a vontade de poder? (4)

- En sentido cósmico, é unha **forza universal impulsora**. Dalgunha forma é unha realidade metafísica, pero dunha metafísica do máis acá, inmanente ó mundo e non trascendente.
- A **vontade de poder podería referirse ao presente e ao futuro, pero non ao pasado**, e sen embargo, ¿non podería abarcalo todo?, xurde así o tema do ***eterno retorno***



# Friedrich Nietzsche. A vontade de poder.

- En definitiva, a vontade de poder é vontade de crear, é unha vontade creadora de valores e censuradora de tódolos anteriores.
- A transmutación dos valores é unha forma de manifestación a vontade de poder. Os valores da sociedade, estado,... serán superados pola vontade de poder.


# Friedrich Nietzsche. O eterno retorno

- Este tema é tomado por Nietzsche da **tradição grega** e dos **presocráticos**, ainda que, segundo el, era o seu pensamento máis importante é un dos menos elaborados desde o punto de vista teórico.
- Nietzsche pretende con esta teoría é **recobrar a eternidade para tódalas cousas deste mundo**, para todo aquilo que o cristianismo consideraba perecedeiro, **anulando a dicotomía entre os dous mundos (divino-terreal) e recuperando así o sentido da terra.**



# Friedrich Nietzsche. O eterno retorno

- O **eterno retorno** adquire así un sentido axiolóxico: é a **suprema fórmula de fidelidade á terra, do sí a vida**.
- A filosofía de Nietzsche é unha filosofía afirmativa, unha filosofía do sí á vida, e non unha filosofía do non, unha filosofía destrutiva. Nietzsche di non só a aquilo que considera negativo para o ser humano e para o seu modo de entender a vida.



**Eterno retorno = “Hai que amar esta vida como querendo que se repita indefinidamente”.**

# Friedrich Nietzsche. O superhome

- O **superhome** é unha idea clave en Nietzsche.
- Non se refire a un ser humano con superpoderes, senón á **superación do idealismo, a afirmación da vida e a terra como o verdadeiro sentido da existencia.**
- O superhome é o que vive a vontade de poder e o eterno retorno, e substitúe os vellos deberes pola súa propia vontade, substitúe o "ti debes" polo "eu quero".



# Friedrich Nietzsche. O superhome

Pero a aparición do superhome debe cumprir unha serie de etapas:



- O **camelo** representa a submisión cega aos valores establecidos que lle supón unha carga.



- O **león** simboliza a rebelión nihilista contra os valores establecidos. Ao león se opón o **dragón** que representa o **deber** expresado nos valores tradicionais impostos. O dragón loita co león o cal quere dicir (“Eu quero”) en lugar do (“Eu debo”) que impón o dragón.




- O **nenó** representa a inocencia e liberdade para crear novos valores que afirmen a vida e o mundo terreal. O neno acepta a morte de Deus e recoñece que a vida é un xogo sen prexuízos onde o único obrigatorio é vivir, rexeitando a necesidade doutros mundos ou realidades.

Influencia de Nietzsche e críticas

**Influencia de Nietzsche  
e críticas**

# Influencia de Nietzsche

- En xeral a filosofía nietzschiana será **fonte de numerosas correntes e autores do século XX**: existencialismo de Sartre, Heidegger, os postmodernos...
- **Paul Ricoeur** o considera como un dos tres **filósofos da sospeita** ao sospeitar que todo o edificio dos valores occidentais estaba sustentado sobre bases falsa, sobre unha mentira.



Martin Heidegger



Paul Ricoeur


# Críticas a Nietzsche

- **Jürgen Habermas**: Na súa obra *O discurso filosófico da modernidade*, Habermas sostén que Nietzsche, ao intentar destruír a razón ilustrada, cae nunha contradición insalvable. **Acúsao de usar a propia razón para desacreditala**, o que denomina un "xesto de autoconmiseración da razón" que abre a porta a un irracionalismo perigoso.

**Bertrand Russell**: Na súa *Historia da filosofía occidental*, Russell dedica un capítulo a Nietzsche cun ton bastante severo. Descríbeo como un "megalómano" cuxo **pensamento é unha expresión de medo e debilidade privado disfrazada de forza**. Critica o seu desprezo pola compaixón e advirte que a súa filosofía fomenta un tipo de aristocratismo cruel incompatible coa democracia e o benestar humano.



Jürgen Habermas



Bertrand Russell